

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 23 DE XANEIRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o plan de recuperación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus L.*) en Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada autonómica OU-402 Ourense (OU-403)-Cortegada (OU-904) a prol do Concello de Cortegada.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Puga Pereira como presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.
- Decreto polo que se nomea a José María Arias Mosquera presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Acibal, situado nos concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido pola sociedade NORVENTO, S.L.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto liña de media tensión CTC arredor do colexio de Nantes sobre a que cualifica o monte veciñal en man común, en adiante MVMC, Pedrousos e Contomil, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, en adiante CMVMC, de Nantes, no Concello de Sanxenxo, provincia de Pontevedra, para unha superficie total de afección de 24 m2.

INFORMES

CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o resultado da colaboración durante o ano 2013, do persoal do equipo ERPOL da Unidade de Policía Adscrita coa Subdirección Xeral de Gardacostas, en materia de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre os servizos públicos electrónicos da Oficina Virtual Tributaria.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas da Axencia Galega de Innovación para o fomento da propiedade industrial.
- Informe sobre as axudas da Axencia Galega de Innovación para investimentos innovadores para o crecemento empresarial.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as actividades do Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia.
- Informe sobre a atención sanitaria urxente no Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a convocatoria e execución de diversos procesos de mobilidade voluntaria de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe resumo da valoración da repercusión para Galicia do acordo da Conferencia sectorial de agricultura do 20 e 21 de xaneiro de 2014 sobre a Política Agraria Común.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE RECUPERACIÓN DA PÍLLARA DAS DUNAS EN GALICIA PARA GARANTIR A SUPERVIVENCIA DESTA ESPECIE CONSIDERADA VULNERABLE

- *A píllara das dunas constitúe unha especie sensible fronte a acontecementos demográficos e ambientais debido ao tamaño actual da poboación galega e á concentración dos exemplares nun número reducido de localidades*
- *En España sitúase maioritariamente na costa mediterránea e en Andalucía, mentres que a poboación da costa cántabro-atlántica do norte é exígua e unicamente se atopa en Galicia*
- *A Xunta aprobou en maio os plans de recuperación do sapoconcho e da escribenta das canaveiras. Xunto co aprobado hoxe son tres os plans de xestión de especies ameazadas aprobados nos últimos meses, despois dun período de máis de 20 anos desde que se aprobara o único plan de recuperación dunha especie ameazada vixente ata a data en Galicia (oso pardo, aprobado en 1992)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de recuperación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) na comunidade autónoma co fin de garantir a supervivencia desta especie declarada como vulnerable. Este documento é de aplicación en todos aqueles lugares de Galicia considerados como imprescindibles para a conservación e recuperación desta ave.

O decreto actualiza e complementa a normativa en vigor en coherencia coa necesidade de aplicar medidas de protección e xestión da píllara das dunas para reducir os factores que supoñen unha ameaza para a conservación das súas poboacións en Galicia. A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, debendo estas tomar en consideración as directrices e actuacións contidas neste decreto.

O proxecto de decreto foi sometido a un intenso proceso de participación pública, celebráronse diversas mesas nas que se explicaron, por sectores sociais e nos respectivos ámbitos provinciais, os contidos do plan e se recolleron as contribucións dos colectivos implicados polas medidas de conservación previstas.



A vixencia do plan será indefinida ata acadar os obxectivos propostos. Coa finalidade de adaptar o plan a posibles novos condicionantes, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos,

realizando a correspondente modificación no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación.

Píllara das dunas

Este animal é unha ave limícola de pequeno tamaño (150-175 mm de lonxitude) e constitúe unha especie vulnerable fronte a acontecementos demográficos e ambientais, debido ao tamaño actual da poboación galega e á concentración dos exemplares nun número reducido de localidades.

Área de distribución potencial

En España sitúase maioritariamente na costa mediterránea e en Andalucía, mentres que a poboación da costa cántabro-atlántica do norte é exigua e unicamente se atopa en Galicia. Concretamente, a área de distribución potencial da píllara das dunas sitúase fundamentalmente en dúas zonas:

- No período reprodutivo (entre marzo e agosto): en praias non urbanizadas e provistas de cordón dunar ou supramareal con vexetación máis ou menos dispersa.
- No período invernal (entre setembro e febreiro): a súa distribución é máis ampla, ocupando ademais zonas do intermareal fango-areoso e praias urbanas.

Área de presenza

A área de presenza está constituída por 33 areais costeiros que xa están incluídos en espazos da actual rede Natura 2000, e outras 12 praias fóra dela. As praias onde a presenza de exemplares desta especie foi regular durante os últimos cinco anos son as seguintes:

- ✓ *Provincia da Coruña:* A Concha, Vilarrube, Pantín, Frouxeira, San Xurxo, Doniños, Baldaio, Ponteceso, Traba, Nemiña, Rostro, Carnota, Lariño, Louro, Testal, A Aguieira, Queiruga, Sieira, Xuño-Basoñas, Espiñeirido, Balieiros, Corrubedo, Couso, Aguiño, Castro, Coroso, A Corna, Barraña, Carregueiros, Sálvora.
- ✓ *Provincia de Lugo:* Altar, Pampillosa e A Rapadoira.
- ✓ *Provincia de Pontevedra:* Guidoiro-Areoso, Illa de Arousa, Mexilloeira, O Vao, A Lanzada, Area Brava, Barra, Nerga, Praia de Rodas, Praia de San Martiño, Praia América e Camposancos.

Ameazas e medidas de protección

Cabe sinalar que as principais ameazas para a especie son a destrución e alteración do hábitat; as perturbacións humanas; a predación por especies, ademais da contaminación, a subida do nivel do mar e as consecuencias xenéticas e xeográficas do pequeno tamaño poboacional.



Por todos estes impactos negativos faise necesario aprobar un plan de recuperación, no que se concretan medidas de protección da especie e do seu hábitat e medidas de actuación.

As consecuencias da catalogación deste paxaro como vulnerable son, entre outras, a prohibición, salvo autorización expresa, de calquera actuación feita co propósito de darlle morte, capturalo, perseguilo ou molestalo intencionadamente; posuír, transportar, vender ou expoñer para a venda, importar ou exportar exemplares silvestres, vivos ou mortos, así como os seus restos, o intercambio e a oferta con fins de intercambio de espécimes recollidos na natureza.

Así mesmo, non se pode disecar, agás con fins científicos ou educativos autorizados expresamente, e existe a posibilidade de restrinxir temporalmente o acceso ao tránsito de visitantes en períodos e lugares considerados críticos para a súa supervivencia.

Outros plans

A Xunta de Galicia aprobou en maio do pasado ano os plans de recuperación do sapoconcho (*Emys orbicularis L.*) e da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus subsp. lusitanica Steinbacher*), co que xunto co aprobado hoxe serían tres os plans de xestión de especies ameazadas aprobados nos últimos meses, despois dun período de máis de 20 anos desde que se aprobara o único plan de recuperación dunha especie ameazada vixente ata a data en Galicia (o plan de recuperación do oso pardo, aprobado en 1992).



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE CORTEGADA UN TREITO DA ESTRADA OU-402 (OURENSE-CORTEGADA)

- ***O cambio de titularidade susténtase na posta en servizo da estrada OU-801 (Ribadavia–Ponte Barxas)***
- ***O Concello de Cortegada deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade do resto da estrada OU-402 "Ourense (OU-403)- Cortegada (OU-904)" a prol do Concello de Cortegada.

A solicitude do cambio de titularidade, realizada polo concello, inclúe o treito entre os puntos quilométricos 41 + 910 e 42 + 840 e alcanza unha lonxitude de 930 metros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considerou axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que o treito transferido adquire características plenamente urbanas ao poñerse en servizo a estrada autonómica da OU-801 (Ribadavia – Ponte Barxas), polo que o resto servirá á Administración local para mellorar os servizos que presta aos cidadáns.


Con esta aprobación o Concello de Cortegada deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización de entrega, que se formalizará no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas están regulados na Lei de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.





JOSÉ MARÍA ARIAS MOSQUERA SERÁ O NOVO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ***A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria propúxoo hoxe, en substitución de Manuel Puga***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de José María Arias Mosquera como presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, a proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O nomeado substituirá no cargo a Manuel Puga, ao finalizar este o seu segundo mandato, o máximo legal establecido para ocupar este posto, e ao que a Consellería agradece o labor desenvolvido nos últimos anos neste órgano universitario.

Licenciado en Dereito pola USC e co título de Programa de Alta Dirección de Empresas do Instituto de Estudos Superiores de la Empresa (IESE), é tamén presidente do Banco Pastor e da Fundación Barrié. A súa vida profesional desenvolveuna na devandita entidade bancaria, a cuxa Presidencia accedeu no ano 2011; así como á Vicepresidencia do Banco Popular no 2012. Así mesmo, exerce os cargos de conselleiro da Asociación Española de Banca (AEB) e da Asociación para o Progreso da Dirección (APD), ademais da vicepresidencia para Galicia desta última. No ámbito empresarial ten sido, ademais, vicepresidente de Unión Fenosa e conselleiro de Gas Madrid, Hullas del Coto Cortés, 4B, Elosua e Carbonell.

Arias Mosquera está moi vinculado ao mundo da cultura, patrimonio, educación e servizos sociais polo labor que nestes eidos desenvolve a Fundación Barrié. Desta forma é tamén vogal do Patronato Príncipe de Asturias, de la Fundación COTEC para la Innovación Tecnológica, da Asociación Española de Fundacións, da Fundación Juana de Vega, da Fundación Gaiás Cidade da Cultura, do Consello da Cultura Galega, das Escolas Populares Gratuitas, da Institución Benéfico Social Padre Rubinos; e patrón de honra do Museo de Pontevedra e da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.



A XUNTA AUTORIZA OS 3 PRIMEIROS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO E ACTIVA AS MEDIDAS PARA FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR

- *As infraestruturas suman 60 MW que producirán preto de 190.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 50.000 fogares galegos*
- *Os parques, nas provincias de Lugo e Pontevedra, promoverán un investimento total de case 70 millóns de euros*
- *Co obxectivo de adecuar o concurso ao escenario enerxético actual, inicia os trámites para a aprobación do proxecto de lei polo que se melloran as condicións financeiras aos promotores, permitindo constituír os avais no momento do inicio da construción dos parques*
- *Iníciase, ademais, a tramitación do decreto que axilizará o procedemento de autorización de repotenciacións dos parques*
- *Ademais, facilitarase a desistencia total ou parcial de MW do concurso sempre que non se altere o seu resultado*
- *O Goberno galego resalta que estas medidas permitirán mellorar as condicións para o desenvolvemento do sector e salienta que os plans industriais asociados ao concurso xa están a xerar emprego e riqueza para Galicia, con 700 millóns de investimento na comunidade e preto de 1.400 postos de traballo*

A Xunta de Galicia segue a dar os pasos necesarios para impulsar a reactivación do sector eólico en Galicia no escenario enerxético actual. Neste sentido, informouse hoxe no Consello da Xunta da autorización dos tres primeiros parques do concurso eólico galego así como das medidas concretas que se están a activar para facilitar o desenvolvemento do sector eólico na comunidade.

As infraestruturas aprobadas suman un total de 60MW, e terán capacidade para producir preto de 190.000 MW/h ao ano, cifra equivalente ao consumo anual de máis de 50.000 fogares. O parque eólico de Acibal, promovido por Norvento, situarase na provincia de Pontevedra, en terreos pertencentes aos concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro, e contará con 4 aeroxeradores que totalizan unha potencia de 12 MW.

As outras dúas infraestruturas situaranse na provincia de Lugo. O parque eólico Mondigo, correspondente á empresa Esus Energía Renovable, estará instalado nos concellos de Trabada, Barreiros e Ribadeo, disporá de 15 aeroxeradores cunha potencia de 45 MW; e o parque eólico Faro, promovido por Nieblagen e situado no Vicedo, cun aeroxerador de 3 MW. En total, as tres infraestruturas promoverán un investimento conxunto de case 70 millóns de euros na comunidade.

A aprobación destas novas instalacións supón un importante avance na aposta estratéxica do Goberno galego polo desenvolvemento desta enerxía así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe do inicio



dos trámites doutras tres medidas -financeiras, técnicas e administrativas- que perseguen a adecuación do concurso ás actuais circunstancias e que se unen á decisión adoptada na Lei de Orzamentos de 2014 de rebaixar o ITP para as industrias relacionadas coas enerxías renovables.

Iniciativas de impulso do sector eólico

En primeiro lugar, informouse do inicio da tramitación para a aprobación do proxecto de lei que permitirá aos promotores eólicos constituír os avais no momento do inicio da construción dos parques, facilitando así o desenvolvemento dos proxectos.

Ademais, anunciouse o comezo dos trámites para a aprobación do decreto que permitirá axilizar as repotenciacións de parques fomentando a eficiencia e reducindo o impacto ambiental.

Por último, e centrado nos parques do concurso, o Consello da Xunta coñeceu tamén os avances para facilitar a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso. A dita renuncia, que será valorada e verificada pola comisión de seguimento, ten que contar cos correspondentes informes sectoriais ou ben estar fundamentada na inviabilidade económica do proxecto. A estas medidas súmase a iniciativa fiscal xa en vigor que supón unha dedución do 92,5% na cota do ITP (imposto de transmisións patrimoniais).

Plans industriais

Deste xeito, o Goberno galego segue a dar os pasos necesarios para impulsar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Neste sentido, os plans industriais asociados ao concurso eólico galego xa están a xerar 700 millóns de investimento na comunidade e preto de 1.400 postos de traballo.



A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUNHA INSTALACIÓN ELÉCTRICA SOBRE O MONTE VECIÑAL DE PEDROUSOS E CONTOMIL, NO CONCELLO DE SANXENXO

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia de utilidade pública do proxecto de construción da Liña de Media Tensión CTC contorna do colexio de Nantes sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común Pedrousos e Contomil. Este monte veciñal pertence á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Nantes, no Concello de Sanxenxo (Pontevedra).

Este proxecto -que conta cunha superficie total de afectación de 24 m² -permitirá mellorar a subministración eléctrica na zona. Tras a autorización do proxecto, o Servizo de Montes da provincia de Pontevedra remitiu informe favorable, tendo en conta todas as razóns e conveniencia deste servizo público.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorable desta prevalencia en virtude do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común.



A POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTOU EN CASE UN 50 POR CENTO OS OPERATIVOS DE LOITA CONTRA O FURTIVISMO E O MARISQUEO ILEGAL

- *En 2013 incautáronse duns 14.000 quilos de marisco e identificáronse máis de 2.700 persoas*
- *A colaboración policial cos servizos de gardacostas é fundamental para garantir que as persoas dedicadas ao marisqueo realicen o seu traballo con normalidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe de colaboración entre o equipo especializado da Policía Autonómica (Equipo de Resposta Policial, Erpol) e o servizo de Gardacostas da Xunta, na loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal correspondente a 2013.

Ao longo de pasado ano despregáronse un total de 259 operativos de control do marisqueo en toda a costa galega (un 47 por cento máis con respecto a 2012), co fin de impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire á extracción do marisco como á venda e distribución ilegal. Nestas operacións foron comisados uns 14.000 quilos de marisco (mil máis que en 2012).

Estas actuacións enmárcanse dentro da activa colaboración que a policía autonómica vén desenvolvendo con distintos departamentos da Consellería do Medio Rural e do Mar, sobre todo no que atinxe á loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

Co fin de controlar non só a actividade extractiva, senón tamén e moi especialmente a saída do produto, a súa venda e transporte, os axentes autonómicos establecen dispositivos con persoal propio que se completan con outros dispositivos conxuntos con gardacostas. Deste xeito, o persoal da policía autonómica traballa tanto a pé de praia como nos portos ou estradas, establecendo dispositivos de intervención directa, con controis e inspeccións de embarcacións e vehículos, así como identificacións e denuncias de infractores, mesmo coa súa imputación e detención.

Inspeccións e incautacións

Durante o ano pasado, os membros desta unidade especializada da policía autonómica inspeccionaron un total de 881 vehículos e 388 embarcacións. Así mesmo, efectuaron preto de 50 controis nas estradas galegas.

Ademais do marisco comisado, os axentes policiais realizaron máis de 800 incautacións de material, entre os que destacan útiles de traballo como anzois, palangres, lanternas, restrelos, sachos e caldeiros entre outros, así como traxes de neopreno, pranchas de poliespan, nasas e mesmo un total de 24 embarcacións e vehículos.



No que atinxe ás persoas involucradas, o grupo de axentes de elite de loita contra o furtivismo identificaron ao longo do ano pasado a máis de 2.700 persoas, tramitaron case 1.600 denuncias e abriron dilixencias policiais en 16 casos. Así mesmo, o número de detidos e imputados ascendeu a 76 persoas (un 230 por cento máis que en 2012, cando se imputaron 23 persoas).

Os datos recollidos no informe poñen de manifesto que as actuacións conxuntas entre o equipo da Erpol e o persoal de gardacostas intensificáronse ao longo do ano pasado en comparación co exercicio anterior, o que se reflicte tanto no número de operacións coma nos seus resultados.

Deste xeito, cúmprese co obxectivo último deste tipo de colaboración, que non é outro que facilitar que os traballadores e traballadoras do mar poidan realizar o seu labor con total seguridade, poñendo coto ao furtivismo como unha das principais ameazas de quen teñen o marisqueo coma o seu medio de vida, xa sexa de forma directa ou indirecta.

Cómpre lembrar que a chegada o ano pasado de novos efectivos da UPA e a ampliación en case un 60 por cento do persoal do equipo Erpol, permitiu reforzar a vixilancia e o control. E está previsto que esta colaboración entre os axentes da Policía Autonómica e o Servizo de Gardacostas da Xunta mesmo se incremente ao longo do ano en curso, na medida en que se consoliden definitivamente as intervencións do persoal policial da UPA nas tarefas de control e loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal.



A OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA DA XUNTA PERMITIU AFORRAR A CIDADÁNS E EMPRESAS 113 MILLÓNS DE EUROS DESDE 2009

- ***O sistema telemático da Axencia Tributaria de Galicia recibe cada día máis de 1.800 accesos a través da páxina web***
- ***O 100% dos impostos xestionados pola ATRIGA poden presentarse xa por vía telemática as 24 horas do día os 365 días do ano***
- ***Case seis de cada dez autoliquidacións dos impostos xestionados pola Xunta preséntanse xa pola internet***
- ***Desde 2009 tramitáronse máis dun millón de autoliquidacións a través da Oficina Virtual, o que permite aforrar trámites e tempo aos contribuíntes***
- ***En 2013 tramitáronse pola internet 294.000 valoracións de bens, o que supón un 63% máis que hai cinco anos***
- ***O uso da administración electrónica no eido tributario reduce custos aos cidadáns, mellora a produtividade e eleva a transparencia cara ao contribuínte***

A Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Xunta de Galicia permitiu aforrar a cidadáns e empresas preto de 113 millóns de euros desde 2009, ao tempo que serviu para mellorar a produtividade na Administración e elevar a transparencia cara ao contribuínte, segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

En 2013, a Oficina Virtual Tributaria recibiu un total de 669.589 accesos, o que representa un incremento do 12,5% respecto a ano anterior e do 30,5% desde 2009. Na actualidade, esta ferramenta telemática recibe máis de 1.800 accesos ao día, o que demostra o uso cada vez maior das novas tecnoloxías na presentacións dos impostos xestionados pola Xunta.

De feito, o 100% dos impostos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia poden presentarse xa por vía telemática, o que permite a calquera contribuínte realizar este trámite as 24 horas do día os 365 días do ano, e sempre coa máxima seguridade. Tamén se pode realizar por esta vía o pagamento de taxas, prezos, multas e sancións.

Segundo reflicte o informe, o 58% das autoliquidacións de impostos presentadas en 2013 foron a través de internet, mentres que as presentacións en papel se reduciron neste período ao 42%. Desde 2009, o peso dos trámites por vía telemática medrou en máis de 11 puntos, da mesma forma que se van reducindo as presentacións en papel.

En total, a Oficina Virtual Tributaria da ATRIGA recibiu o pasado ano 211.591 autoliquidacións a través da internet, e a cifra acumulada desde 2009 supera xa o millón. Ademais, cidadáns e empresas tramitaron 293.998 valoracións de bens a través desta ferramenta, un 63% máis que hai cinco anos.



Entre os servizos públicos electrónicos que ofrece a OVT figuran a confección e impresión de modelos de autoliquidación, a declaración e pagamento telemático de tributos e outros servizos xerais, como consultas, valoracións de bens inmobles, valoración de vehículos usados, verificacións de documentos ou certificacións.

Outro dos eidos de actuación deste mecanismo é a emisión electrónica de certificados de débedas. Así, a través da vía telemática emítense certificados a terceiros para cumprir requisitos en solicitudes de axudas, subvencións ou contratos.

Vantaxes

O progresivo desenvolvemento da Oficina Virtual Tributaria supón un importante aforro de tempo e de custos para a cidadanía, xa que a miúdo lles evita acudir presencialmente ás dependencias da Administración para realizar determinados trámites que agora pode realizar desde o seu domicilio.

Ademais, a potenciación da vía telemática na tramitación de impostos tamén supón vantaxes para a propia Administración autonómica. Por exemplo, implica unha redución de cargas administrativas, unha maior transparencia na relación cos cidadáns e unha mellora da produtividade.



A XUNTA MOBILIZA 6 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DAS CAPACIDADES INVESTIGADORA, INNOVADORA E TECNOLÓXICA DAS EMPRESAS GALEGAS

- ***O programa de Investimentos innovadores da Consellería de Economía e Industria impulsará a posta en marcha de 40 proxectos de innovación para poñer no mercado novos ou mellorados produtos e servizos***
- ***As axudas, que cobren ata o 50% do custo do proxecto, perseguen incrementar a competitividade das empresas e contribuír á creación de emprego e á xeración de riqueza***
- ***A Axencia Galega de Innovación destina 250.000 euros a apoios para a solicitude de títulos para a protección de innovacións técnicas como patentes e modelos industriais***

A Xunta de Galicia está a traballar a prol da modernización do tecido empresarial galego co obxectivo de incrementar a súa competitividade. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria activa un ano máis o programa de Investimentos innovadores para o crecemento empresarial que, promovido pola Axencia Galega de Innovación, suma 2,5 millóns de euros para a mobilización de 6 millóns en proxectos centrados na mellora das capacidades investigadoras, innovadoras e tecnolóxicas das empresas galegas.

En total, a nova liña permitirá impulsar arredor de 40 proxectos facilitando o desenvolvemento empresarial de Galicia e contribuíndo á creación de emprego e á xeración de riqueza. Deste xeito, promóvese o financiamento de recursos materiais específicos por parte das empresas, especialmente pequenas e medianas, para executar proxectos de innovación destinados a poñer no mercado novos ou mellorados produtos e servizos.

As pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 50% e as medianas de ata o 40%, mentres que no caso das grandes a porcentaxe se sitúa nun máximo do 30% sobre o total do custo xustificado.

O programa, a través do cal se apoiaron 140 proxectos nos últimos catro anos, cobre tres campos de actuación concretos. En primeiro lugar, as empresas galegas poderán solicitar axudas para proxectos de entre 50.000 e 300.000 euros destinados a adquirir equipamentos innovadores para novos centros produtivos ou a mellora dun xa existente, sempre que teña a finalidade de desenvolver produtos e procesos novidosos.

En segundo lugar, prevese tamén a dotación de departamentos de I+D+I nas empresas para ampliar a súa capacidade tecnolóxica e innovadora, sempre que o proxecto teña un custo subvencionable superior aos 30.000 euros. A contía máxima destas axudas, que permitirán por exemplo a adquisición de equipos de laboratorio, será de 100.000 euros por proxecto.



Finalmente, subvencionarase con ata 20.000 euros por solicitude a adquisición de dereitos de explotación relativos a innovacións técnicas para facilitar a transferencia de tecnoloxía. Isto permitirá a adquisición de dereitos de patentes, licencias, know-how ou coñecementos técnicos non patentados.

Propiedade industrial

Por outra parte, o Consello da Xunta deu a coñecer tamén a nova convocatoria de axudas a empresas para o fomento da propiedade industrial, dotada con 250.000 euros. Estes apoios destínanse a atender os gastos empresariais na tramitación de solicitudes de títulos para a protección de innovacións técnicas (invencións), tales como patentes e modelos de utilidade, e da súa renovación antes as oficinas nacionais, rexionais ou internacionais.

As axudas, que cobren ata o 70% dos custos subvencionables, poderán solicitarse ata o vindeiro 15 de novembro. O obxectivo delas, que se outorgan en réxime de concorrencia non competitiva, é o de impulsar a protección das innovacións técnicas ou invencións, tanto a nivel nacional como internacional, para garantir a plena explotación dos seus resultados e, así, contribuír á mellora da competitividade das empresas galegas.

Deste xeito, incídese na valorización do coñecemento orientado ao crecemento empresarial mediante a transferencia de resultados de innovación ao mercado. Este tipo de políticas de fomento da propiedade industrial, unido ao esforzo das empresas galegas, permitiu que o ratio de solicitudes de patentes por cada millón de habitantes se incrementase en Galicia un 5% con respecto a 2008.



O COMITÉ AUTONÓMICO DE ÉTICA DA INVESTIGACIÓN DE GALICIA AVALIOU 584 ESTUDOS O PASADO ANO

- ***Deles, 199 eran de carácter internacional; 109, nacional; e en 276 participaban só centros da Comunidade Autónoma***
- ***No que se refire á área de coñecemento, destacan nos primeiros lugares a Oncoloxía, a Medicina interna, a CardioloXía e a ReumatoloXía***
- ***O 77,5% dos estudos foron informados favorablemente***

O Comité Autonómico de Ética da Investigación (CAEI) de Galicia é un órgano colexiado, adscrito á Consellería de Sanidade, que ten como obxectivo a avaliación ética, metodolóxica e legal dos estudos de investigación que se realicen con seres humanos e o seu material biolóxico.

O pasado ano analizou 584 estudos, dos cales 199 eran de carácter internacional; 109, nacional; e en 276 participaban só centros da Comunidade Autónoma. Neste sentido, en 2013 avaliáronse un 24,78% máis de estudos que no ano anterior, e un 33,63% máis que no ano 2011.

No que se refire á área de coñecemento, destacan nos primeiros lugares a Oncoloxía (73 estudos), a Medicina interna (53), a CardioloXía (49) e a ReumatoloXía (41). O 77,5% dos estudos foron informados favorablemente polo Comité.

A realización de estudos de investigación ten unha repercusión importante sobre os cidadáns xa que contribúen ao ampliar o coñecemento sobre as enfermidades e buscar mellores formas de diagnóstico e tratamento. O labor do CAEI ten como finalidade garantir os dereitos das persoas que participan nos estudos de investigación.



O SERGAS REALIZOU O PASADO ANO MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE ATENCIÓNS URXENTES

- ***Delas, 1.115.000 foron chamadas atendidas pola central do 061; 1.439.501 foron atencións realizadas nos PAC; e 960.864 foron atencións realizadas nos servizos de urxencia hospitalarios***
- ***Nos servizos de urxencias hospitalarias aténdense, diariamente, 2.633 persoas, e a porcentaxe que requiren ingreso foi do 15,62%***
- ***A porcentaxe de derivación desde os PAC aos hospitais é dun 8,72%, o que demostra a súa capacidade resolutiva***

O Servizo Galego de Saúde realizou, o pasado ano 2013, máis de 3,5 millóns de atención urxentes, das que 1.115.000 foron chamadas atendidas na central da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia – 061; 1.439.501 foron atencións realizadas nos puntos de atención continuada (PAC); e 960.864 foron atencións realizadas nos servizos de urxencia hospitalarios.

Estas cifras globais indican que o número total de urxencias que se están a atender no Servizo Galego de Saúde mantivo no 2013 a tendencia á estabilización de anos anteriores, aínda que se observa un lixeiro incremento da actividade realizada nos PAC (0,85%).

Neste sentido, a porcentaxe de derivación desde os puntos de atención continuada aos hospitais é dun 8,72%, o que demostra a capacidade resolutiva destes dispositivos asistenciais. O día de maior frecuentación nos PAC é o domingo, mentres que nos servizos de urxencias hospitalarios é o luns.

Se se analizan as cifras de urxencia hospitalaria desde o ano 2009 -momento en que se implantou o modelo de xestión integrada en Galicia- obsérvase que o 2013 é o cuarto ano consecutivo en que decrecen as urxencias atendidas no ámbito hospitalario.

A caída acumulada entre os anos 2009 e 2013 acada as 90.021 atencións, o que representa un 8,57% de redución que se produce en practicamente todos os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. Nos seus servizos de urxencias aténdense, diariamente, 2.633 persoas.

A porcentaxe de urxencias hospitalarias que requiriron ingreso foi do 15,62%; e as intervencións cirúrxicas urxentes realizadas nos hospitais do Sergas ascende a 35.512, o que representa unha cifra practicamente idéntica á do ano anterior. Así mesmo, o sistema de triaxe Manchester está implantado xa en 11 dos 14 hospitais do Sergas, e a porcentaxe de pacientes triados supera xa o 60%.



No que atinxe ás atencións realizadas polo 061, as 1.115.000 chamadas recibidas pola central representan 395.000 procesos asistenciais; e no 39% dos casos non foi precisa a mobilización de recursos.

Polo tanto, o conxunto de medidas adoptadas orientadas á priorización (vías rápidas, xestión de listas de espera, etc.), a integración dos recursos asistenciais, a extensión da historia clínica electrónica (IANUS) e o incremento da capacidade resolutiva da atención primaria, entre outras, teñen permitido reordenar a actividade asistencial urxente dun xeito máis efectivo e eficiente, primando a accesibilidade dos cidadáns.



HOXE INÍCIASE A TOMA DE POSESIÓN DE NOVOS DESTINOS DO CONCURSO DE TRASLADOS DE FACULTATIVOS ESPECIALISTAS DE ÁREA E MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS

- ***O Sergas realiza diversos concursos de traslados para persoal estatutario***
- ***Son os primeiros onde a inscrición dos aspirantes se formaliza a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES-Expedient-e) do Servizo Galego de Saúde***

Hoxe iníciase a toma de posesión dos novos destinos do concurso de traslados de facultativos especialistas de área e médico de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. Afecta a 35 categorías estatutarias, e nel 229 facultativos acadaron destino definitivo nalguna das sete estruturas organizativas de xestión integrada.

O *Diario Oficial de Galicia* publicou resolucións polas que se resolve, con carácter definitivo, o concurso de traslados de diversas prazas básicas de persoal licenciado sanitario; se convoca concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal licenciado sanitario, e se convoca concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal sanitario diplomado e de formación profesional.

Estes son os primeiros concursos de traslados no Servizo Galego de Saúde onde a inscrición dos aspirantes se formaliza a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES-Expedient-e). Esta simplifica a tramitación, reducindo as cargas administrativas e a achega de documentación polos aspirantes, xa que comprende a verificación do cumprimento dos requisitos de participación, a baremación de méritos e o desenvolvemento das diferentes fases do proceso de provisión.

No que atinxe ao concurso de traslados de categorías de persoal licenciado sanitario, hai 305 prazas convocadas nas categorías de farmacéutico de atención primaria, médico de familia, odontólogo de atención primaria e pediatra de atención primaria.

Por último, no concurso de traslados de persoal sanitario diplomado e de formación profesional hai 1.368 prazas convocadas nas categorías de enfermeiro, matró/a, enfermeiro especialista en saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnico en coidados auxiliares de enfermaría e técnico especialista.

A incorporación ás estruturas organizativas de xestión integrada do persoal estatutario fixo favorece a conformación de equipos estables de traballo, con baixos niveis de rotación, o que contribúe a un mellor e maior grao de satisfacción dos usuarios dos servizos sanitarios.



GALICIA CONTARÁ CON ARREDOR DE 2.380 MILLÓNS DE EUROS DE AXUDAS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN PARA O PERÍODO 2014-2020

- *Estas cifras son similares ás que se viñan percibindo no período 2007-2013, tanto o caso das axudas directas ás explotacións agrícolas coma no caso das axudas correspondentes ao desenvolvemento rural*
- *Estes datos están expostos nun informe analizado esta mañá no Consello da Xunta no que se describen os acordos acadados na Conferencia sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, celebrada o 20 e 21 de xaneiro*
- *Por primeira vez na historia a percepción de axudas directas lígase ao concepto de agricultor activo e a que se demostre a actividade agraria das explotacións agrícolas e gandeiras*
- *A nivel estatal, a maioría das axudas acopladas destinaranse aos sectores gandeiros, sobre todo ao vacún, que contará con 321 millóns de euros*
- *No período 2014-2020 a comunidade galega contará con preto de 890 millóns de euros de fondos europeos FEADER para o desenvolvemento rural, 33,4 millóns de euros máis respecto dos recibidos inicialmente en 2007*
- *Por cada 17,5 euros que porá a nosa Comunidade Autónoma xerarse un total de 100 euros que irán destinados directamente ao desenvolvemento rural de Galicia*

Galicia contará con arredor de 2.380 millóns de euros de axudas da Política Agraria Común para o período 2014-2020, o que se corresponde con 340 millóns de euros anuais en axudas para o medio rural galego. Estas cifras son similares ás que se viñan percibindo no período 2007-2013, tanto no caso das axudas directas ás explotacións agrícolas –as do primeiro piar da PAC- coma no caso das axudas correspondentes ao desenvolvemento rural –axudas do segundo piar-.

Estes datos están expostos nun informe analizado esta mañá no Consello da Xunta no que se describen os acordos acadados na Conferencia sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, celebrada o 20 e 21 de xaneiro.

Unha das decisións adoptadas nesta conferencia en relación coas axudas directas é a de ligar por primeira vez na historia a súa percepción ao concepto de agricultor activo e a que se demostre a actividade agraria das explotacións agrícolas e gandeiras. Neste sentido, enténdese por agricultor activo aquel que polo menos ten un 20% dos seus ingresos procedentes da agricultura, sen ter en conta os das axudas percibidas.

Para demostrar a actividade agraria da explotación será necesaria a inscrición no rexistro oficial de explotacións agrícolas ou ben no Rexistro Oficial de Explotacións Gandeiras (REGA) da Comunidade Autónoma. No caso da actividade gandeira tamén será preciso demostrar un mínimo de gando nas superficies da explotación declaradas como pastos



de polo menos 0,2 unidades de gando por hectárea -UGM/ha-. Para as explotacións agrícolas tamén haberá uns mínimos requisitos relacionados coas súas superficies.

En relación coas axudas acopladas, as ligadas á produción, priorizáronse os sectores gandeiros fronte ao conxunto dos sectores. Deste xeito, para toda España vanse destinar a elas un total de 585 millóns de euros anuais, o que supón o 12,08 % das axudas directas. A maioría destas axudas, 490 millóns de euros, destinaranse aos sectores gandeiros, sobre todo ao vacún, que conta con 321 millóns de euros. Isto é de vital importancia para Galicia, onde os pagamentos acoplados van dirixidos na súa totalidade ao vacún.

Destas axudas acopladas, destínanse ao sector lácteo español 94 millóns de euros anuais, o que supón un incremento dun 63%, xa que ata o de agora a asignación actual era de 57 millóns de euros. Este é un aspecto fundamental para Galicia, xa que anualmente para este tipo de axudas recibe un 50% da dotación nacional.

Para a repartición das axudas directas ás explotacións aplicarase un modelo de rexionalización que minimizará o movemento de importes entre beneficiarios, sectores produtivos e territorios. Os importes destas axudas do período 2014-2020 non se determinan en función das superficies. Polo tanto, a superficie declarada polos agricultores galegos non condicionará os importes das axudas directas que se van recibir.

Desenvolvemento rural

No caso dos fondos asignados ao desenvolvemento rural, cabe destacar que Galicia incrementa a cantidade que lle corresponde en 33,4 millóns de euros respecto dos recibidos inicialmente en 2007. Deste xeito, para o período 2014-2020 a comunidade galega contará con preto de 890 millóns de euros de fondos europeos FEADER.

Tendo en conta as achegas nacional e autonómica que cofinancian estes fondos FEADER nun 25%, o montante de axudas para o desenvolvemento do medio rural de Galicia –segundo piar- para os próximos 7 anos ascende a 1.186 millóns de euros. Isto quere dicir que por cada 17,5 euros que porá a nosa Comunidade Autónoma xerarse un total de 100 euros que irán destinados directamente ao desenvolvemento rural de Galicia.

